



Con data 21 de xullo de 2017, o Sr. Alcalde ditou resolución co tenor literal que se indica:

" RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA.- CONVOCATORIA PLENO ORDINARIO

Resolución da Presidencia do órgano colexiado mais arriba mencionado, pola que se convoca sesión de carácter ordinaria.

De acordo co disposto no artigo 46.2 b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local e o art. 80 do Real Decreto Lexislativo 2568/1986, de 23 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Funcionamento, Organización e Réxime xurídico das Entidades Locais, esta alcaldía, **RESOLVE:**

PRIMEIRO.- Convocar á Sesión Ordinaria do Pleno Corporativo a celebrar o **día 27 de xullo ás 18:00 horas**, e dous días despois á mesma hora en segunda convocatoria en caso de non existir o quórum esixido na primeira, no Salón de Sesións da Casa do Concello, a fin de resolver os puntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

A) Parte resolutiva:

1º.- Aprobación, se procede, de borrador da acta da sesión anterior ordinaria nº6, de 29 de xuño.

2º.- Expediente 1555/2017. Recoñecemento da Bonificación do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras (declaración de especial interese ou utilidade municipal das construcións, instalacións ou obras) - Ditame da Comisión Informativa de Contas, Facenda, Patrimonio e Persoal de conceder a Dona Mercedes Alvarez Rodríguez bonificación de ICIO correspondente a obra no inmovible sito na rúa Monxas, nº 3.

3º.- Expediente 1256/2017. Recoñecemento da Bonificación do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras (declaración de especial interese ou utilidade municipal das construcións, instalacións ou obras) - Ditame da Comisión Informativa de Contas, Facenda, Patrimonio e Persoal de conceder a Don Manuel Martínez González bonificación de ICIO correspondente a obra no inmovible sito en rúa Antero Rubín, nº 45.

4º.- Expediente 1418/2017. Recoñecemento da Bonificación do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras (declaración de especial interese ou utilidade municipal das construcións, instalacións ou obras) - Ditame da Comisión Informativa de Contas, Facenda, Patrimonio e Persoal de conceder a Construcciones Orega, S.L., bonificación de ICIO por obras no Conxunto Catedralicio.

5º.- Expediente 758/2017. Recoñecemento da Bonificación do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras (declaración de especial interese ou utilidade municipal das construcións, instalacións ou obras) - Ditame da Comisión Informativa de Contas, Facenda, Patrimonio e Persoal de conceder de conceder a Dona María Purificación González Francisco bonificación

Concello de Tui

Praza do Concello, 1, Tui. 36700 (Pontevedra). Tfno. 986603625. Fax: 986600570



ICIO por obras en inmoible sito na rúa Cuenca, nº 9.

6º.- Expediente 1600/2017. Ditame da Comisión Informativa de Contas, Facenda, Patrimonio e Persoal de solicitar novamente á Xunta de Galicia cesión de uso edificio Area Panorámica.

7º.- Expediente 1588/2017. Ditame da Comisión Informativa de Contas, Facenda, Patrimonio e Persoal de crédito extraordinario nº 4/ 2017(MC 22/2017).

8º.- Expediente 1670/2017.- Proposta de Alcaldía crédito extraordinario nº 5/2017 (MC23/2017)

9º.- Mocións de Urxencia.

B).- Actividade de control:

10º.- Disposicións de interese.

11º.- Dación de conta das resolucións de 26/06/2017 ata o 20/07/2017.

C).- Rogos e preguntas:

12º.- Rogos e preguntas.

SEGUNDO.- Notificar a presente Resolución aos concelleiros advertíndolles que, conforme ao disposto polo artigo 12.1 do citado RD 2568/1986, do 28 de novembro, deberán comunicar coa antelación necesaria calquera causa xustificada que implique a imposibilidade de asistir á citada sesión.

TERCEIRO.- Que pola Secretaría municipal se poña a disposición dos Concelleiros a documentación dos asuntos incluídos na orde do día, acompañando a convocatoria copia das actas das sesións anteriores que se sometan a votación, no seu caso.

O que se comunica para coñecemento.

En Tui, o alcalde, Enrique Cabaleiro González.

Documento asinado dixitalmente ao marxe.



Concello de Tui

Praza do Concello, 1, Tui. 36700 (Pontevedra). Tfno. 986603625. Fax: 986600570